

No Día de Rosalía.

*“Campanas de Bastabales,
cando vos oio tocar,
mórrome de soidades....”, Rosalía de Castro*

O 24 de febreiro festexase o Día de Rosalía, data fixada no Calendario do Libro e da Lectura como aniversario do nacemento da autora.

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) convídanos a celebralo dunha fermosa maneira: agasallando un libro en galego e unha flor.




Rosalía de Castro, nada en Compostela no 1837. Poeta e novelista en lingua galega e castelán, que desperta admiración máis aló das nosas fronteiras con poemas traducidos ao francés, alemán, ruso e xaponés.

A Rosalía dos Cantares, evocadora da súa terra, amante e defensora da nosa lingua. Choraba polos que emigraron e berraba a sua indignación. Poeta sensible, romántica, comprometida e moderna.


*“Vente, rapasa,
vente, miniña,*

.....” (Rosalía de Castro) coñecer a poeta do rexurdamento galego:




Imaxe de: elvuelodelasmariposas.com

Un libro de poesía editado por Edicións Espiral Maior na colección de libros Lúa Lueira. A pintora Isabel Pintado ilustra o percorrido polos versos da poeta.



¿Que quería dicir Rosalía no seu famoso poema? ¿Como o imaxina un neno deste século? A editorial Baía Edicións amosa o famoso poema coma un xogo ilustrado por Rodrigo Chao.




A historia de Rosalía contada por Helena Villar Janeiro cunhas fermosas ilustracións de Ánxelos Ferrer. Amósanos unha Rosalía á que lle gustaba pasear, escoitar o vento, ler e escribir na escola.....



Imaxe de: garciateijeiro.blogspot.com

Unha antoloxía poética que recolle versos das súas tres grandes obras poéticas: **Cantares gallegos** (1863), **Follas novas** (1880) e **En las orillas del Sar** (1884), para que os máis pequenos coñezan a obra de Rosalía de Castro.



Ana María Fernandez percorre a través de vinte e tres palabras significativas do léxico rosaliano a súa poesía. Unha maneira sinxela de achegarse á obra da poeta.



A editorial Galaxia na súa colección Sonárbore retrata unha Rosalía pequeniña, que escribía na nosa fala, que soñaba con ser pirata, rebelde e rebuldeira, medio meiga, medio fada, vestida de moitas cores, na voz de Uxía e cor de Marina Seoane.

Se no canto de leer.... escoitamos...

Voces fermosas que deron vida aos seus poemas, ¿Quen non coñece a versión de Adiós ríos, adiós fontes de Amancio Prada? ¿E Negra Sombra con Luz Casal?.

Podedes consultar as actividades programadas no Día de Rosalía en Compostela [aquí](#).



#mobilizarosalía

24 de febreiro Día de Rosalía de Castro



ACTO CENTRAL

Panteón de Galegos Ilustres

21 de febreiro | 12:00

Lectura pública da obra de Rosalía de Castro



Agasalla un libro en galego e unha flor

Sementar os seus versos nas redes para que floreza a súa poesía. #mobilizarosalía (AELG).
¡A súa poesía vive!.

*“A través del follaje perenne
Que oír deja rumores extraños,
Y entre un mar de ondulante verdura,
Amorosa mansión de los pájaros,
Desde mis ventanas veo
El templo que quise tanto.*

.....”, Rosalía de Castro(*En las Orillas del Sar*)

Imaxe de inicio: dublin.blogs.cervantes.es

Santiago Maimiño

